

## XOGO DO MAGOSTO.



Aproveitando a época do Magosto, podemos facer un xogo de pistas relacionado que, do mesmo xeito que nos permite realizar unha actividade física ( na que se inclúen aspectos como a cooperación, a iniciación na orientación, ... ), tamén aborda unha tradición popular galega.

O xogo faise en estrela e por grupos ( de 4 – 5 ) aos que se lles vai dando unha proba que deben realizar no entorno elixido ( escola, campo, ... ). O monitor / a estará nun lugar concreto e irá dando as probas mentres o grupo realiza a proba que lle toca e volve onde o monitor para verificar a proba e, en caso de ser correcta, recoller a seguinte.

Hai dous tipos de probas: as de resolver pensando, que se realizarán por grupos no lugar concreto que se lles indique, e as de busca, que realizarán por todo o recinto indicado.

Ademais é recomendable dar por escrito, ou cando menos explicar claramente, unhas normas básicas do xogo: ir todo o grupo xunto, respectar ós que xogan e ós que non, non tocalas pistas, ... A cada grupo se lle entregan as probas en distinta orde para que non coincidan no mesmo sitio.



# XOGO DO MAGOSTO

## PROBA

Escribe unha receita dun postre que se poida elaborar con castañas ( entre outras cousas ).

### INGREDIENTES

### FORMA DE PREPARACIÓN.


---



# XOGO DO MAGOSTO

## PROBA

Indaga como se escribe a palabra “ castaña ” en inglés e en francés ( sen preguntarlle a ningún mestre / a ).

INGLÉS: \_\_\_\_\_


FRANCÉS: \_\_\_\_\_



# XOGO DO MAGOSTO

## PROBA

Resolve este xeroglífico.



¿ Que había polo monte ?.

---




# XOGO DO MAGOSTO

## PROBA

Isto que verás na outra parte da páxina é o souto por onde andan Carapuchiña e o lobo.

Fíxate ben no debuxo e resposta ás seguintes preguntas.

- Sinala un camiño que poida percorrer o lobo para chegar á cesta de Carapuchiña ( que ten castañas asadas que recenden por todo o bosque ).
- Busca os dous castiñeiros que non deron froitos este ano e píntaos de verde.
- Localiza e rodea cun círculo a Carapuchiña ( que se agochou nalgún lugar do bosque ).






# XOGO DO MAGOSTO

## PROBA



1



2



3



4



5




6



7



8



9

¿ Cal destas castañas é zurda ?.

A número \_\_\_\_\_



# XOGO DO MAGOSTO

## PROBA

**Con dez follas de árbore tedes que disfrazar de INDIO a un compañeiro ou compañeira do voso grupo. Cando o teñades feito, o traedes xunto ó mestre /a para que diga en alto:**

**“ Eu son o grande xefe do magosto ”.**




# XOGO DO MAGOSTO

## PROBA

Un saco de castañas custou 350 euros.

Cada quilogramo custa 7 euros.

¿ Cantos quilos levan cinco sacos ?.



**SOLUCIÓN:** \_\_\_\_\_





# XOGO DO MAGOSTO

## PROBA

PALABRAS QUE

PALABRAS QUE

EMPEZAN POR

REMATAN EN

CAST \_\_\_\_

\_\_\_\_ AÑA

EX: CASTAÑA

EX: CASTAÑA

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---



# XOGO DO MAGOSTO

## PROBA

Vai ó ximnasio e conta as lámpadas que hai.

---

---



# XOGO DO MAGOSTO

## PROBA

¿ Cantas canastras hai en todo o Colexio ?.

---



# XOGO DO MAGOSTO

## PROBA

**No almacén do ximnasio atoparás un cartel cunha proba. Búscaa e escribe a resposta neste folio.**

**MOI IMPORTANTE: Só téis que ler a proba que che manden facer e resposta neste folio. Non a movas nin a arranques.**

**SOLUCIÓN:** \_\_\_\_\_



# XOGO DO MAGOSTO

## PROBA

Situádevos na porta de entrada do colexio. Escollede ao neno / a que calce o número máis grande de zapato e que conte os pasos que hai desde esa entrada ata a primeira portería que hai baixando pola rampa. Cando os teñades contados, multiplica o número de pasos por sete.

SOLUCIÓN: \_\_\_\_\_



# XOGO DO MAGOSTO

## PROBA

Arguiñano cociñou un flan con este ingredientes:

- 1'5 Kg. de castañas cocidas.
- 500 ml. de nata líquida.
- 500 gr. de azucre.
- 6 ovos.
- 500 ml. de leite.

A )      ¿ Canto custou o flan ?.

B )      ¿ Estaría bo ?.

---

### PREZOS:

- ◆ 1 Kg. de castañas: 2 euros
- ◆ 1 litro de leite: 1 euro
- ◆ 1 Kg. de azucre: 1,50 euros
- ◆ 1 ducia de ovos: 2,70 euros
- ◆ 1 litro de nata líquida: 4 euros.



# XOGO DO MAGOSTO

## PROBA

**Dúas ducias de castañas e catro medias**

**ducias máis, menos oito medias ducias,**

**¿ cantas medias ducias fan ?.**


**SOLUCIÓN:** \_\_\_\_\_



# XOGO DO MAGOSTO

## PROBA

Observa estas doce castañas e resposta ás seguintes preguntas:



- ¿ Que número ten a castaña que aprobou o exame ? . \_\_\_\_\_
- ¿ Que número ten a que se chama “ touro sentado ” ? . \_\_\_\_\_
- ¿ Cal delas está fóra da lei ? . \_\_\_\_\_
- ¿ A cal lle faltan 17 anos para ser maior de idade ? . \_\_\_\_\_
- ¿ Cal delas estivo toda a noite de festa ? . \_\_\_\_\_
- ¿ Cal delas é pai de familia ? . \_\_\_\_\_



# XOGO DO MAGOSTO

## PROBA

### SOPA DE LETRAS

S	L	X	L	U	M	I	A	O	X	Q	C	I
C	N	O	V	E	M	B	R	O	E	A	J	U
Z	I	U	P	K	L	S	R	S	S	O	T	R
M	A	G	O	S	T	O	M	T	M	Z	O	X
E	Z	U	Z	M	N	T	A	R	S	O	A	U
R	O	X	I	P	B	Ñ	N	G	D	L	V	F
M	S	C	R	O	A	J	O	H	I	L	X	F
B	M	D	U	V	D	H	T	Q	L	I	F	G
A	I	X	O	R	I	E	Ñ	I	T	S	A	C

Encontra cinco palabras relacionadas coa festa do Magosto, que celebramos esta semana.






# XOGO DO MAGOSTO

## PROBA

Resolve este xeroglífico.



¿ Que lle pasou cando caeu do castiñeiro ?

---